

Acta da Reunión da Comisión Permanente da Xunta de Facultade celebrada o 1 de decembro de 2014

Asistentes:

Allegue Agüete, Pilar

Barreiro Carril, María Cruz

Orge Míguez, José Carlos

Torres Pérez, Francisco

Bergareche Gros, Almudena

Domínguez Rubira, Carmen

Estévez Abeleira, Teresa

Martínez Hens, Helena

Rodríguez Damián, Amparo

Diéguez Rodríguez, Miguel

Escusan asistencia:

Belén Fernández Docampo

Nieves López Prieto

Iníciase a reunión sendo as 12.30 h., en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes da Decana.
3. Admisión a trámite, se procede, da avaliación curricular solicitada polo alumno don César Fernández Escudero.
4. Aprobación, se procede, da composición do Tribunal de Premios Extraordinarios do grao en Dereito e do grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso 2014/15.
5. Rolda aberta de intervencións.

1.- Aprobación, se procede, da acta das sesión anterior (acta da reunión do 27 de outubro de 2014).

Apróbase por asentimento.

2.- Informes da Decana.

A Decana informa que se gastaron case 22.000 euros en libros con cargo ao orzamento do Decanato. En particular, aproximadamente, 3.000 euros en manuais para o Máster da Abogacía, 9.000 euros en manuais para os alumnos, e 8.000 euros en monografía). Pon de manifesto as súas dúbidas sobre se para o próximo ano, se poderá facer o mesmo, debido a capacidade, limitada, da Sala de Lectura de Facultade. Aproveita a ocasión para expresar o seu desexo de que esta Sala pase a ser unha Biblioteca en condicións.

Informa, ademais, que está pendente de mandar á Reitoría a previsión do orzamento para o exercicio 2015, á espera dunha conversación co Xerente da Universidade, na que a Decana quere pedir explicacións de por qué se detrae máis diñeiro en electricidade e gasóleo do efectivamente gastado en 2014. Isto, porque como novidade, para o próximo exercicio os gastos relativos a tales conceptos centralízanse, pero se segue sen comprender por qué se sutrae máis do efectivamente gastado en 2014.

Por outra banda, informa que as obras da Facultade están terminando de executarse e que as obras de sinalética realizáranse o próximo ano. De isto e outras cuestións, informará na próxima Xunta de Facultade.

Finalmente, informa que o próximo ano se seguirá coa mesma política de aforro de enerxía que vense adoitando.

3.- Admisión a trámite, se procede, da avaliación curricular solicitada polo alumno don César Fernández Escudero.

A decana informa que a administrativa do Decanato, Paula Ramil Vázquez, informoulle de que o alumno, segundo os criterios da COAP para a admisión a trámite de avaliacións curriculares en titulacións a extinguir ao amparo da disposición adicional da normativa de permanencia aplicable, que manexa datos de 2005/2006, o alumno non supera a calificación que determinaría a obriga do Centro de admitir a solicitude a trámite. Con todo, a decana propón que se admita por esta Comisión, para que a Comisión de avaliación curricular decida o que estime oportuno. Isto porque a materia respecto da que se presenta a solicitude, non ten equivalente no grao, polo que o alumno podería acudir, en calquera caso, á vía de solicitude como materia dunha titulación que se extingue.

Acórdase a admisión, por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da composición do Tribunal de Premios Extraordinarios do grao en Dereito e do grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso 2014/15.

Proponse o mantemento do Tribunal do ano pasado (Decana, a Vicedecana Pilar Allegue Agüete e a Secretaria da Facultade), o que apróbase por asentimento.

5. Rolda aberta de intervencións.

A profesora Almudena Bergareche intervén para dicir que, en coherencia co que consta na acta da sesión anterior, en relación coa necesidade de que se pidan escusas públicas por certos comportamentos que afectan á convivencia de tódalas persoas involucradas no Centro, retírase da reunión, e así o fai.

A profesora Helena Martínez Hens expresa que se sentiu molesta pola actitude mantida polo profesor José Carlos Orge Míguez na Xunta de Facultade de 16 de outubro de 2014.

O alumno Miguel Diéguez intervén para expresar o seu malestar pola actitude mantida polas profesoras Belén Fernández Docampo e Emma Rodríguez Rodríguez en relación co tema das eleccións a membros do Consello de Departamento de Dereito Público Especial. Explica que as profesoras informaron, utilizando horas de clase, aos alumnos de Relacións Laborais e Recursos Humanos sobre a posibilidade de presentarse ás eleccións a membros do Consello de Departamento de Dereito Público Especial, indicando a necesidade de que se presentasen alumnos de Relacións Laborais ás referidas eleccións, porque os alumnos de Dereito soamente miran para os seus intereses. O alumno explica que se os alumnos de Dereito propuxeron unha lista incluíndo soamente alumnos de Dereito, e non de Relacións Laborais, é porque levan máis tempo, e porque creen que son os que están en mellores condicións para por un pouco de calma.

A Decana intervén para explicar que como membro do referido Departamento non interveu no tema das eleccións a membros do Consello, e que dende Decanato se adoptarán as medidas oportunas en relación con temas que se falen na aula e que pertencen ao Departamento, e que non son para falar na aula.

O alumno Miguel Diéguez expresa que todo o realizado dende a Delegación de Alumnos, tanto por Brais Fernández González, como por el mesmo, fíxose, coa mesma dedicación para os alumnos de Dereito e de Relacións Laborais.

A Decana explicou que as dúas áreas do Departamento sempre estiveron de acordo ata o momento da última elección a director/a de Departamento. Así mesmo comenta que meter aos alumnos con tales presións no tema das eleccións a membros do Consello de Departamento, fai pensar que o profesor Jaime Cabeza Pereiro ten ánimo de enfrontamentos. Explica que o Departamento ten tan poucas competencias, e que as que ten, non deberían estar sometidas a conflito, e aproveita para explicar a orixe do Departamento.

Non habendo máis intervencións levántase a sesión sendo as 13:30 horas do que dou fe como Secretaria.

Asdo. María Cruz Barreiro Carril